



*Breves notas sobre os Sistemas de  
Financiamento (SdF)*

***O Réxime Común e o de Concerto***

Os SdF teñen a súa razón de ser nos Estados onde exista unha ***des-centralización***, calquera que sexa o seu tipo, quer ***política***, quer ***administrativa***. Segundo sexa este tipo de descentralización, as consecuencias serán fondas nos SdF establecidos. Porén, hai que ter claro que nada teñen a ver con cuestións como a “solidariedade” ou parvalladas semellantes, xa que se trata só de como se financian ***as competencias transferidas*** ás entidades descentralizadas. De aí que os dous principios esenciais para a súa avaliación sexan o de ***suficiencia*** [no financiamento das competencias- ***cuantitativo***] e o de ***autonomía*** [liberdade no manexo dos ingresos e gastos por parte das entidades descentralizadas- ***cualitativo***].

Podemos distinguir entre tres situacións diferentes – por suposto, deixando de lado, agora, a cuestión municipal, o que non quer dicir que non constitúa para nós unha preocupación principal.

**CASO 1 - UN ESTADO SEN DESCENTRALIZACIÓN REXIONAL (unitario-centralista). Non existe aquí sistema de financiamento ningún.** Un exemplo, é o Estado no que algúns nacemos (franquista). É ese Estado unitario-centralista quen goberna absolutamente todos os servizos públicos e demais, no conxunto do seu territorio, por moito que existan NACIÓNS ou non dentro del. No seu caso, por suposto, non recoñecidas como tal, nin de facto nin de *iure*.

***Parece obvio***, en ***aparencia***, nesta situación, que todos os recursos proceden do Estado, que se xeran no ceo ou “no quilómetro cero” madrileños, e que grazas a iso vivimos todos. De facto, non existe parte compoñente “orixinal, auténtica, nacional” ningunha, mais que ese mesmo Estado, que parecera existir desde sempre e para sempre. Situación que persiste coa Constitución española de 1978, malia o “estado das autonomías”.

***Notar de que se GALIZA algún día opta POLA INDEPENDENCIA como vía no seu proceso de auto-determinación, non habería sistema de financiamento (SdF) propiamente tal. Si claro, o municipal e mesmo o comarcal, dando por suposto que as Deputacións desaparecerían.***

**CASO 2 - A1 CASO DE CATRO ESTADOS INDEPENDENTES QUE DECIDEN CREAR UNHA UNIDADE POLÍTICA ENTRE ELES.** Isto implicará unha ***nova distribución de competencias*** entre as “partes auténticas, orixinais” e a ***nova entidade*** federal/confederal, e ***o financiamento necesario por estas partes*** das competencias que se asignen/transfiran á nova entidade resultante no pacto federal/confederal.

Aquí aparece claro, transparente, que son as partes “auténticas, orixinais, constitutivas” da nova entidade política de quen proceden todos os recursos.

Trátase dun nacemento xusto INVERSO do anterior, e presenta ***a situación real***, fronte a ***aparencia*** que significa a situación anterior.

**CASO 2 A2 O RECOÑECEMENTO DUN ESTADO PLURINACIONAL.** É difícil, mais non imposible. O proceso histórico pode levar a que un Estado unitario teña que aceptar e recoller, mesmo na súa lexislación, a existencia de NACIÓNS en sentido real, dentro de el, en pé de igualdade, recoñecéndose, por tanto, o seu carácter PLURI-NACIONAL, de seguro, previa a conquista da SOBERANÍA por parte das NACIÓNS orixinais, e decidindo estas, nas novas condicións, permaneceren formando un único Estado, que non unha única nación, ben que nunhas condicións moi diferentes. Sen negar a existencia e posibilidade da defensa da independencia sen máis, unha alternativa parecida a esta é a que o nacionalismo no seu percorrido histórico

desde fins do século XIX defendeu como vía máis doada de superación do centralismo (desde Brañas, as Irmandades da Fala, o PG e hoxe o BNG).

O SdF aquí é plenamente transparente e resulta tamén xustamente inverso da situación que se dá nun Estado como o noso, nacido unitario, centralista, e, por tanto, que aparenta ser anterior ás súas partes constitutivas orixinais (as Nacións). Como se for eterno, estiver fóra da historia, e non consistira nunha realización humana froito dun desenvolvemento histórico concreto.

O sistema acaído aquí, xa que logo, **é un SdF de CONCERTO**, no que as **nacións realmente existentes** dispoñen dunha **Facenda auténticamente propia**, e ceden logo ao Estado os medios necesarios para que este poida levar a cabo as competencias que non teñan transferidas as nacións orixinais (mesmo non recoñecidas como tal, como acontece hoxe, no caso do País Vasco ou Nafarroa).

Neste sentido podemos pór de simples exemplos o Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo de 1918 das Irmandades da Fala ou o Documento do BNG “Galiza pola Soberanía Fiscal” de 31-07.2012, redixido na forma de Proposición non de Lei.

En definitiva: **Para Galiza como Nación, o sistema de concerto é un dereito irrenunciábel**. E precisamente de contar con el, sería un dos medios máis eficaces para evitar a emigración, mellorar o emprego en calidade e cantidade e prestar máis e mellores servizos públicos, e tamén, en consecuencia, para converxer en renda e benestar con outros en mellor situación.

Neste sentido debemos considerar dous exemplos por parte de partidos de carácter estatal, non nacionalista:

**A** A brincadeira do Villares, cando reivindica, nada menos que unha Confederación de 18 Nacións, do que resulta :

A1 Que Nación = Rexión, e así GALIZA=EUSKADI=CATALUNYA= A Rioxa, Murcia,...

A2 Que confunde ESTADO con NACION ou está considerando a Confederación das 17 CCAA, coma se todas foran Nacións, con PORTUGAL. Isto non o mellora nin Suíza. E expresado por un xurista!.

**B** A brincadeira do PSOE, que vende como un Estado Federal unha suposta mellora do vixente “Estado das Autonomías”, a diferenza dun **auténtico** Estado Federal, coma moi ben coñece o Tribunal Constitucional español [fallo sobre o *Estatut*], para quen:

- **AUTONOMÍA NON É SOBERANÍA**
- O SISTEMA AUTONÓMICO NON TEN NADA A VER CON UN SISTEMA FEDERAL AUTÉNTICO, PROPIAMENTE TAL. E DESTA MANEIRA, POR EXEMPLO: Os cataláns non son máis que españois que viven en Catalunya, o que vale para todos os demais, e, asemade, por tanto, que os Parlamentos galego, vasco ou catalán non representan VONTADE POPULAR ningunha, posto que a SOBERANÍA reside unicamente nunha suposta NACIÓN ESPAÑOLA, [confusión Estado = Nación] e a vontade popular só queda expresada nas Cortes.
- O non recoñecemento, obvio, nin de facto nin legal, de Nación ningunha que non sexa unha suposta nación española, que nos engloba a todos.

**CASO 3** *Un estado unitario que leva a cabo un proceso de descentralización*, en liña coas teses do TC, e, como consecuencia, da lexislación sobre os SdF até agora padecidos. O actual, e os anteriores sistemas, ademais **das súas limitacións esenciais**, foron prexudiciais para Galiza pola súa **falla de peso político** e a actitude submisa dos diferentes gobernos galegos que renuncian á defensa dos intereses galegos. O actual Presidente da Xunta exacerbou isto. Deixando a un lado a opacidade, o sistema falla nos dous principios claves. **O de SUFICIENCIA fai auga por todas partes**. Así, para a prestación dos servizos públicos fundamentais (sanidade, ensino e protección social), no período liquidado 2009-2014, entre os recursos que achega o sistema e o que a Xunta gastou neles (orçamentos **liquidados**), **existe un déficit total de 10.444 M€**, cifra escandalosa. De aí, proveñen, en parte, o devalar destes servizos e a aceleración do endebedamento da Xunta, que actualmente é dun nivel moi parecido á cifra dese déficit. Por outra parte é **limitadísimo o principio de autonomía do sistema**, que non asenta nunha Facenda **propia** galega que xestione **todos** os impostos soportados polos galegos, como sería o normal. Así **carecemos dunha auténtica autonomía financeira e dunha política fiscal, que son a chave dunha autonomía política real. Isto é unha necesidade esencial do sistema que defenden os partidos estatais, para xustificar o seu Estado e facer aparecer falsamente a Galiza como incapaz de se valer por si propia, agochando que é o Estado quen debe a súa propia existencia á extorsión dos nosos recursos materiais, humanos, fiscais, enerxéticos, financeiros e demais, grazas á súa sacra, irracional e opresiva soberanía única**.

**Así pois, o sistema actual e o de concerto son diferentes tanto no cuantitativo como, especialmente, no cualitativo**. O último, corresponde ao recoñecemento, **de facto que non de iure**, do status de Galiza como Nación, e a existencia dun Estado plurinacional, **que iso é o que existe por moito que o neguen**. O primeiro é unha concesión dun Estado unitario nun proceso de descentralización política moi limitada para que se poidan (mal) financiar as (limitadas) competencias e os servizos públicos transferidos. Concesión establecida dun xeito tal que “pareza evidente” que Galiza precisa da necesidade do Estado para ser capaz de prestar as competencias. Por exemplo, o sistema actual estima en 2014 que o **custo total desas competencias son de 7.043 M€ reais** e que a **“capacidade fiscal galega”**, definida dunha maneira disparatada e irreal, é de 5.100 M€, de maneira que non cubre o custo das competencias. Mentres, na realidade, non na ficción españolista, os **impostos totais soportados polos galegos foron nese ano 11.131 M€, como mínimo**, máis de 4.000 M€ superiores ao custo das competencias. É por isto que non é casual que País Vasco e Navarra teñan uns niveis e calidade de servizos públicos dos máis avanzados do Estado, así como, en parte, moitos outros parámetros económicos e sociais, como por exemplo, o seu elevado PIB per cápita, nivel de emprego, innovación, etc. **O que Galiza gañaría cun sistema de concerto resulta evidente destes números**, pero tan importante é o carácter cualitativo, que Galiza ostentaría, por fin, dentro deste Estado, a maior capacidade para superar a situación actual **que limita, a cada paso máis, os nosos sectores produtivos, o emprego, coas conseguíntes pragas derivadas**. Non é casual que o **rexeitamento polo Goberno español do “Pacto Fiscal”** que reivindicaban os cataláns – na práctica, sistema de concerto--, os teña levado a súa situación política actual, de clara opción pola independencia.

Claro que dos devanditos 11.131 M€ habería que descontaren a achega galega ao Estado polos servizos que nos preste ou non transferidos a Galiza. Neste ano 2014, o País Vasco achegou

un cupo de 772,5 M€. O cupo vasco se calculou no 6,24% [peso da economía vasca a custo dos factores] dos gastos xerais do Estado.

De lle aplicar a Galiza --que debería ser ben menos (5,14% en 2007), ademais de que o nivel de competencias transferidas a Galiza é inferior ao caso vasco-- esta porcentaxe, Galiza tería de achegar ao Estado uns 631 M€. Por tanto, neste exemplo sobre-avaliado, quedarían 10.500 M€ para Galiza [fronte os 7.043 M€ do sistema de financiamento actual]. De aí o irracional da postura dos partidos estatais operantes na Galiza cando afirman, sen achegar un só dado que tal sistema nos resultaría prexudicial. Claro que eles **son coherentes defendendo o papel da Galiza rexión**. Existe unha diferenza a prol de concerto de nada menos que 3.457 M€, nunha situación de crise, que ben lle virían á Xunta e aos galegos para faceren avances notorios no país, cos servizos públicos e con todo tipo de infraestruturas de carácter produtivo e social e, en consecuencia, co benestar do súa poboación e a converxencia con países máis avanzados.

Paremos un pouco máis no sistema de **réxime común** (todas as CCAA agás as forais).

**O PRINCIPIO DE SUFICIENCIA**. No período transitorio, é dicir desde a pre-autonomía (1979) até o ano 1986, o sistema consistía nunha TRANSFERENCIA por cada un dos SERVIZOS PÚBLICOS e COMPETENCIAS TRANSFERIDAS polo chamado **CUSTO EFECTIVO**, que pretendía pasar polo **custo real** delas. Efectivo sería, mais para o Estado, xa que non cubría os custes reais, coma deixaron de manifesto as posteriores modificacións normativas do seu cálculo. Unha confirmación da inadecuación deste concepto, é que supuxo que transferencias como todo o Ensino e a Sanidade se fixeran con unha grave perda para o noso país (se teñen calculado uns -200.000 millóns de pesetas aproximadamente).

Os diferentes SdF até 2001 (1987-1991, 1992-1996, 1997-2001) foron, como se ve, quinquenais, posto que a LOFCA [Lei Orgánica de Financiamento das CCAA] regulaba que a **Participación nos Ingresos do Estado** --transferencia PIE-- por parte das CC.AA. se debería calcular por un tempo de cinco anos; o sistema 2002-2008 foi negociado nos tempos de Aznar, dándosele un ámbito temporal de vixencia ilimitado, "eterno". E o actual 2009-2017? debería de ter sido modificado desde o ano 2014, de acordo coa normativa do mesmo. Ningún deles **amañou o defecto provocado pola inadecuación do CUSTO EFECTIVO**, SENÓN que COMPLICARON MÁIS AS COUSAS CANDO, NO CANTO DE MEDIR O CUSTO SEGUNDO **O CUSTO REAL DAS COMPETENCIAS PASOUSE A UTILIZAR UNHA SERIE DE VARIÁBEIS**, que pretenden suplantar o custo real, e **predeterminan os resultados** do sistema, con grave prexuízo para Galiza. No caso do **sistema actual**, estas variábeis se resumen no que se chama **POBOACIÓN AXUSTADA ou UNIDADE DE NECESIDADE (de gasto)** e que consiste no seguinte, sendo os seus resultados para Galiza os que se mostran na Táboa a seguir:

<b>SISTEMA DE FINANCIAMENTO 2009+</b>			
<b>Variábel</b>	<b>Ponder. (%)</b>	<b>ANO</b>	<b>PA (%) GZ</b>
Poboación	30.0	1999	7.59
Superficie	1.8	2007	6.93
Dispersión	0.6	2009	6.78
Insularidade	0.6	2010	6.74
Pob. Protexida 7T	38.0	2011	6.71
Pob > 65 anos	8.5	2012	6.68
Pob <= 16 anos	20.1	2013	6.76
<b>TOTAL</b>	<b>100.0</b>	2014	6.73

**Observar a tendencia decrecente da participación galega**, o que quer dicir, que, ao longo do tempo, **os custos de subministración das competencias galegas SE ABARATAN, en relación cos das demais CC.AA. [!!]. Todo un disparate maiúsculo**. Defecto estrutural do cálculo da Poboación Axustada para o caso galego, ao que hai de engadir a súa peor posición de partida e a moi negativa distribución, do punto de vista galego, dos importantes recursos adicionais dotados neste sistema nos anos 2009, de inicio de vixencia, e o 2010.

Ademais, a dotación para financiar os Servizos Públicos Fundamentais (Aº 158.1 da CE) [SSPPFF = Ensino, Sanidade e Protección Social] no ano último liquidado, foron 5.107 M€, mentres que, o efectivamente gastado pola Xunta (orzamentos liquidados) foi de 6.217 M€.

Xa que o Fondo de Garantía dos SSPPFF total era de 75.890 M€ neste ano, e que esta participación se calcula multiplicando o PA(%) por este Fondo [75.890\*0.0673], para **obter unha participación equivalente ao valor liquidado**, resulta inmediato obter que a PA(%) = 8,195% [100\*6.216,6/75.890,4], case un 22% superior.

Outro elemento que demostra a xestión nefasta na transferencia de competencias, e a aplicación ao noso país **dun simples carácter de rexión**, vén dada pola política real de Feixóo, como podemos ver no feito **non terse realizado transferencia ningunha no seu período de goberno**, nin lle preocupar o máis mínimo, e no custo das competencias **específicas ou non homoxéneas** transferidas até o exercicio 2014, que se mostran na táboa a seguir:

Catalunya	2.447 M€
<b>Galiza</b>	<b>315</b>
Andalucía	848
C. Valenciá	333
Madrid	1.077 M€


Polo demais, os cálculos do SdF fanse **en termos normativos, é dicir, sen exercicio de competencias sobre os tributos “cedidos”**. Xa que algún dos tributos cedidos, se calculan mediante unhas novas fórmulas, establecidas na Lei do SdF, 22/2009, acontece que **a suma do valor real dos tributos “cedidos” é inferior á suma do valor normativo deses tributos “cedidos”, en máis de 4.000 M€ en total, o que demostra a inadecuación das fórmulas en cuestión, e a continúa irracionalidade do sistema**, regalándonos unha barbaridade máis, que demostra que todo lles vale con tal lograr os seus obxectivos perversos, mesmo a través da irracionalidade aritmética.

Polo demais, a respecto da suficiencia, quizais mereza citarse o texto duns académicos extremeños, de hai uns poucos anos, no que utilizando **o criterio de ACCESIBILIDADE** aos servizos públicos de ensino e sanidade, calculan cantas infraestruturas novas deste tipo son precisas para que esta accesibilidade sexa homoxénea no conxunto do Estado. Neste texto se dá conta da posición paupérrima, deficitaria, de Galiza desde este punto de vista.

Finalmente, debe quedar claro que os resultados, como dixemos, resultan **predeterminados** polas variábeis e as ponderacións **que se fixen a priori**, e que decidirán quen son os perdedores e gañadores respectivos. Na experiencia histórica dos diferentes SdF, Galiza sempre xogou ao lado dos perdedores, metido neste ámbito dun sistema de índole rexional, que non nacional. Xa que a súa preocupación non se centra no cumprimento do principio de suficiencia, iso levou a unha complicación crecente nos diferentes sistemas padecidos.

MAIO, 2017

## ANEXO : O Réxime Común (A) e o Sistema de Concerto (B)



### CARGAS XERAIS DO ESTADO QUE ATENDE O CUPO:

- As C. EXCLUSIVAS do Estado (Defensa, AAEE, Casa Real, ...)
- De titularidade da CA [Estatuto] NON TRANSFERIDAS (prisións, xestión SS, ...).
- Financiamento FCI
- Servizo da Débeda do Estado

**PAGO:** o 6,24% (1980) do gasto estatal, deducida a "asignación orzamentaria *íntegra* que, A **NIVEL ESTATAL**, corresponda ás competencias asumidas pola CA".

Conceptos:

CUPO BRUTO: 6,24% do custo de todas as competencias non transferidas á CA

CUPO PAGADO : O resultado de aplicar ao anterior ás deducións seguintes:

- ✓ Tributos NON CONCERTADOS (creados polo Estado e aínda **non incluídos no Concerto**).
- ✓ Conceptos NON TRIBUTARIOS [Patrimoniais e financeiros], como multas, sancións, xuros, ... .
- ✓ O Déficit Público.

## EXEMPLO DE CÁLCULO

### CUPO PROVISIONAL – LEI QUINQUENAL CON ANO BASE 2007

CONCEPTOS	Millóns €
Gastos do Orzamento do Estado	188.417
Custo Competencias Vascas a NIVEL ESTATAL (nos OXE)	- 102.665
<b>IMPORTE TOTAL DAS CARGAS/COMP. NON ASUMIDAS</b>	<b>85.752</b>
<b>CUPO BRUTO = 6,24% de 85.752 M€ (1)</b>	<b>5.351</b>
a) Déficit orzamentario = 6,24% de 40.872 M€	- 2.550
b) Compensacións e outros = 6,24% de 19.807 M€	- 1.236
<b>CUPO A PAGAR = CUPO BRUTO – [a) + b)]</b>	<b>1.565</b>
<b>(Cálculo realizado polo Estado)</b>	

(1) Suposto que o nivel de competencias transferidas ao resto de CCAA fora o mesmo que o do País Vasco (que no caso galego non o é), o total dos gastos incluídos nos orzamentos xerais do Estado (OXE) deste ano 2007, correspondente as competencias non asumidas polo conxunto das CCAA sería de 85.752 M€. Posto que a proporción do PIB galego sobre o estatal, neste ano, foi do 5,14%, o CUPO BRUTO resultante para Galiza sería de 4.404 M€, 947 M€ inferior ao correspondente ao País Vasco, como se ve no cadro enriba.

**“O Concerto é a pedra angular da autonomía vasca (sen el, Euskadi sería unha rexión máis)” (Pedro Luís Uriarte, Conselleiro de Economía e Facenda que negociou o Concerto de 1981).**

(Dados do Concerto tomados de “Nuestro Concierto: Claves para entenderlo” (28/02/2016)).

**¿Queremos ou aspiramos nós a seren isto último, unha rexión, contra do que sempre reivindicou o nacionalismo galego?**